

VIEIROS

Xestionado por [Vieiros](#)

CARA AO DÍA DAS LETRAS

Álvarez, apelido de poeta

Galaxia presenta a reedición de 'Canle Segredo', a grande obra de Álvarez Blázquez, xunto con 'Vento de Sal', o último libro de Álvarez Cáccamo.

Redacción - 18:35 02/04/2008

"Tiven o día 6 o neno que esperaba! (...) É pacífico e hastra parezme que un pouco filósofo pois leva acotío as mans á fronte. Con tal de que non saia poeta, todo vai ben". Así lle escribía Xosé María Álvarez Blázquez ao seu amigo Fermín Bouza Brey, días despois de nacer o seu fillo Xosé María. Deus non debeu querer que o fillo saíu poeta, igual que o pai. Case seis décadas despois Galaxia decidiu presentar conxuntamente o último poemario de Álvarez Cáccamo, *Vento de Sal*, canda á reedición de *Canle Segredo*, o gran libro de poesía de seu pai. Será este mércores ás oito da tarde na Casa do Libro de Vigo.

"Vai ser como un diálogo poético entre pai e fillo, na que o pai é a voz principal e o fillo o que máis gaña", di [Álvarez Cáccamo](#), emocionado pola presentación deste mércores. *Vento de Sal* parte da memoria íntima, do pasado, da propia relación co seu pai (sempre moi presente na obra de Xosé María Álvarez Cáccamo) para chegar ao presente, á actualidade e aos conflitos colectivos. O libro ten dúas partes moi diferenciadas, unha primeira de textos íntimos e breves na súa extensión; e unha segunda máis política, con textos máis longos nados a partir das mobilizacións sociais que xurdiron do desastre do *Prestige*. O *Eu* e o *Nós*, polo tanto, unidos nunha mesma obra.

Unha distribución interna tamén presente en *Canle Segredo*, unha obra escrita por Álvarez Blázquez nos primeiros anos da década dos cincuenta e que obtivo en 1954 o *Premio Eduardo Pondal* do Centro Gallego de Bós Aires. O libro non se publicou naquel momento, e non o fixo até 1976, na propia Edicións Castrelos de Álvarez Blázquez. De *Canle Segredo* dixo Méndez Ferrín que de publicarse no seu tempo marcaría un cambio de rumbo na poesía galega. Pódese pensar, con todo, que *Canle Segredo*, que unía a poesía máis íntima (da nenez, da familia) coa poesía social (na súa terceira parte), influíu nas obras que Celso Emilio Ferreiro publicou nos anos seguintes, como *O soño asulagado* ou *Longa noite de pedra*, pois malia estar inédito a relación que uniu a ambos os dous poetas foi moi estreita.